

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás catorce horas do día catro de febreiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste, con escusa, don Juan González Leirós.

Faise constar que asisten tamén ao acto dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Vista a proposta de modificación puntual do prego de prescricións técnicas e do prego de cláusulas administrativas particulares do expediente 2020/C004/000022, para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao “*Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)*”, remitido á Alcaldía.

Visto o expediente número 2020/C004/000032 para a contratación por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente ao servizo de actualización do catálogo da Rede Pública de Bibliotecas cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre, igualmente remitido á Alcaldía municipal.

Tendo en conta que o anuncio de licitación do expediente 2020/C004/000022 foi publicado no perfil do contratante do Concello de Cambre integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, o día 27 de xaneiro de 2021, debéndose presentar as proposicións dentro do prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación, polo que o prazo de presentación conclúe o día 11 de febreiro actual.

Tendo en conta a inminente necesidade de incoar e adxudicar o máis axiña posible o servizo de actualización do catálogo da Rede Pública de Bibliotecas cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre, toda vez que a función de catalogación dos exemplares se atopa moi atrasada pola vacante do posto da bibliotecaria/arquiteira e a acumulación de tarefas do servizo, e tendo en conta que na actualidade existen un numeroso número de libros (preto de 14.000 exemplares), que non se poden incorporar para préstamo nas

bibliotecas municipais sen a catalogación previa, todo o cal xustifica a necesidade de aprobación inminente do expediente de contratación e a súa inmediata licitación.

Por todo isto, o señor alcalde manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000032, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente ao servizo de actualización do catálogo da Rede Pública de Bibliotecas cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 29 de xaneiro de 2021, elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, e na mesma data o coordinador de actividades culturais e educativas municipal asina o prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de actualización do catálogo da Rede Pública de Bibliotecas cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre, cun valor estimado de 19.086,68 euros e un orzamento base de licitación de 23.094,88 euros .

Nesa mesma data do 29/01/2021, asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato, penalidades e sancións .

Consta documento de Retención de crédito asinado polo interventor da Corporación o 29 de xaneiro de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 3321.22799 (Outros traballos realizados por outras empresas Bibliotecas)

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 1 de febreiro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral da Corporación e máis do Interventor municipal, de data 3 de febreiro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da

Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello, en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, (art. 25.2 apartados l) e m) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), co que se persegue contratar un servizo de actualización do catálogo da Rede Pública de Bibliotecas cos fondos existentes nas bibliotecas municipais (Biblioteca Central de Cambre; Biblioteca “Os Templarios” e Biblioteca “Xabier P.Docampo”), consistindo estes traballos na organización, clasificación e catalogación do material das bibliotecas públicas municipais, así como a incorporación ao Catálogo de exemplares ou fondos bibliográficos efectivos durante a vixencia do contrato, co fin de ofrecer á cidadanía, en condicións de igualdade, gratuidade e continuidade, o acceso a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos informativos, que posibiliten a información, a educación e a cultura, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000032, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Actualización do catálogo da Rede Pública de Bibliotecas cos fondos existentes nas bibliotecas municipais de Cambre
- Orzamento base de licitación: 23.094,88 euros
- Valor estimado: 19.086,68 €
- Duración: Un ano

isto a teor do establecido nos artigos 131,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 3321.22799, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de modificación puntual do prego de prescricións técnicas e do prego de cláusulas administrativas particulares do expediente 2020/C004/000022, para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de

xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación núm. 2020/C004/000022, mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), con aprobación do prego de prescricións técnicas (PPT) e de cláusulas administrativas particulares (PCAP) integrantes do expediente.

O anuncio de licitación foi publicado no perfil do contratante do Concello de Cambre integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, o día 27 de xaneiro de 2021, debéndose presentar as proposicións dentro do prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación, polo que o prazo de presentación conclúe o día 11 de febreiro actual.

Con posterioridade á dita publicación detectáronse os seguintes erros no PPT e no PCAP:

3.1. - Prego de prescricións técnicas:

- **Cláusula 14. Abono**, do PPT.

No último parágrafo da dita cláusula faise constar, segundo transcripción literal:

“Se considera dentro de los honorarios de este contrato el posible aumento de obra ejecutada que dé lugar a una posible certificación final de obra con saldo positivo para el contratista de la obra y todos los gastos derivados de su gestión, trámites colegiales, seguros, etc.”

O dito parágrafo entra en contradición co establecido na cláusula 13 do PPT, onde se prevé a cantidade de 3.352,28 euros, equivalente ao 10% de modificación nos contratos de obras, así como na cláusula 18. *Modificación del contrato*, onde, segundo transcripción literal:

“De conformidad con lo establecido en el artículo 204 de la LCSP, se establece la posibilidad de modificación del presente contrato como consecuencia de la tramitación de modificados en algunas de las obras que se encuentren en ejecución, teniendo en cuenta que los precios que suponga la modificación no supondrán el establecimiento de nuevos precios unitarios, sino que se aplicarán los precios propuestos por el licitador en su oferta.

Así pues, pueden producirse incrementos en el contrato, debidos a la tramitación de proyectos modificados en algunas de las obras, lo que daría lugar a un incremento de medición, o a nuevas incorporaciones a unidades de los proyectos de obra, lo cual repercutiría en el servicio de prevención durante la ejecución de estas unidades.

Las modificaciones que se puedan realizar tendrán como límite el 10% del precio inicial del contrato, IVA excluido, es decir, 3.352,28 €. (...)”

Así pois, procede suprimir o último parágrafo da cláusula 14. *Abono*, do PPT.

3.2. - Prego de cláusulas administrativas particulares:

- **Cláusula 7. Forma de pago**, do PCAP

No parágrafo quinto da dita cláusula consta, segundo transcripción literal:

“Se considera dentro de los honorarios de este contrato el posible aumento de obra ejecutada que dé lugar a una posible certificación final de obra con saldo positivo para el contratista de la obra y todos los gastos derivados de su gestión, trámites colegiales, seguros, etc.”

polo que procede a súa supresión.

- Cláusula 22.2, Incumplimiento parcial o cumplimiento defectuoso.

En el apartado 22.2.1 consta, segundo transcripción literal:

“22.2.1. Constituyen motivos de penalidad los siguientes:

- Cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del contrato (artículo 192.1 de la LCSP)
- Incumplimiento de las condiciones especiales de ejecución del contrato (artículo 192.1 de la LCSP)
- Incumplimiento de características de la oferta vinculadas a los criterios de adjudicación (artículo 122.3 y 192.1 de la LCSP)
- Incumplimiento de la obligación de indemnización de daños y perjuicios (artículo 196 de la LCSP)
- Incumplimiento de las obligaciones en materia social o laboral respecto al personal de la entidad adjudicataria (artículo 201 de la LCSP)

Estas penalidades serán, como regla general, de un 2% del precio del contrato, salvo que motivadamente el órgano de contratación estime que el incumplimiento es grave o muy grave, en cuyo caso podrían alcanzar hasta un 5% o hasta el máximo legal del 10% respectivamente.”

No apartado 22.2.2, *Especialidades aplicables al presente contrato*: Cualificanse de forma específica as infraccións en leves, graves e moi graves, establecéndose expresamente as sancións que poden imponse ao adxudicatario, tal e como se transcribe a continuación:

“Las sanciones que se aplicarán al adjudicatario por la comisión de infracciones serán:

- 1) Por infracciones leves: amonestación por escrito o sanción económica por importe de hasta 500,00 euros.
- 2) Por infracciones graves: sanción económica por importe de entre 501,00 euros y 1.000,00 euros.
- 3) Por infracciones muy graves: sanción económica por importe entre 1.001,00 euros y 2.000,00 euros o resolución del contrato. En caso de rescisión del contrato por esta causa, el adjudicatario perderá el derecho a seguir percibiendo contraprestación económica, con la consiguiente pérdida de la fianza constituida.”

Trátase dun erro de feito no que, por un lado se establece a regra xeral de aplicar unha penalidade do 2% do prezo do contrato, é dicir, unha penalidade de 446,97 euros para as infraccións leves, podendo acadar as infraccións graves a penalidade de 1.117,42 e as moi graves 2.234,85 euros, e por outro lado, establécese que as infraccións leves poden ser amoestacións ou sancións económicas ata 500 euros, as infraccións graves non superarán os 1.000 euros, e as moi graves non poderán superar os 2.000 euros.

No suposto do apartado 22.2. 2 *Especialidades aplicables ao presente contrato*, as penalidades poden ser inferiores ás establecidas no apartado 22.2.1, polo que procede efectuar a correspondente emenda.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 4 de febreiro de 2021, favorable á modificación puntual do PPT e do PCAP do expediente 2020/C004/000022, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

Primeiro: Modificar o prego de prescricións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2021 para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao “*Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)*”, expediente núm. 2020/C004/000022, polo que se refire á cláusula 14. *Abono*, que queda redactada do teor literal seguinte:

“14. ABONO

Se efectuará con periodicidade mensual, a mes vencido, proporcionalmente a la obra executada, previa presentación de la factura correspondiente, en la que debe figurar la relación de trabajos desempeñados durante el periodo a que se refiere, a la que se adjuntará la certificación de obra y deberá ir debidamente conformada por técnico municipal responsable del control del servicio y por el Alcalde o concejal delegado del área.

La proporcionalidad del valor de las obras ejecutadas se calculará con la siguiente formula:

$$I.F.M. = \left(\frac{\text{Importe adjudicación anual}}{\text{PEM anual}} \right) \times \text{PEM Obras certificadas}$$

Siendo:

- **I.F.M.:** Importe de facturación mensual, cantidad económica que se deberá facturar mensualmente.
- **PEM obras certificadas:** Presupuesto de Ejecución Material ejecutado y certificado de la obra u obras sobre las que se han realizado los servicios de coordinación de seguridad y salud en el mes período de certificación.
- **PEM anual:** Presupuesto de Ejecución Material que se estima para la totalidad de obras sobre las que se prestarán los servicios de coordinación de seguridad y salud anualmente. Siendo para los años de vigencia del contrato el que sigue:
 - o PEM 2021 IVA incluido: 833.391,21 €
 - o PEM 2022 IVA incluido: 833.391,21 €
- **Importe adjudicación anual:** Importe económico anual sin IVA por el que se ha adjudicado el contrato.

La factura se corresponderá con el importe de la mensualidad, según el precio de adjudicación, menos las sanciones que pudieran corresponder por las posibles infracciones cometidas durante el desarrollo del servicio.”

Segundo: Modificar o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2021 para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao “*Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)*”, expediente núm. 2020/C004/000022, polo que se refire á cláusula 7. *Forma de pago*, que queda redactada do teor literal seguinte:

“7. FORMA DE PAGO

Se efectuará con periodicidade mensual, a mes vencido, proporcionalmente a la obra ejecutada, previa presentación de la factura correspondiente, en la que debe figurar la relación de trabajos desempeñados durante el periodo a que se refiere, a la que se adjuntarán las certificaciones de obra y deberán ir debidamente conformada por el técnico municipal responsable del control del servicio y por el Alcalde o concejal delegado del área.

La proporcionalidad del valor de las obras ejecutadas se calculará con la siguiente formula:

$$I.F.M. = \left(\frac{\text{Importe adjudicación anual}}{\text{PEM anual}} \right) \times \text{PEM Obras certificadas}$$

Siendo:

- **I.F.M.:** Importe de facturación mensual, cantidad económica que se deberá facturar mensualmente.
- **PEM obras certificadas:** Presupuesto de Ejecución Material ejecutado y certificado de la obra u obras sobre las que se han realizado los servicios de coordinación de seguridad y salud en el mes período de certificación.
- **PEM anual:** Presupuesto de Ejecución Material que se estima para la totalidad de obras sobre las que se prestarán los servicios de coordinación de seguridad y salud anualmente. Siendo para los años de vigencia del contrato el que sigue:
 - o PEM 2021 IVA incluido: 833.391,21 €
 - o PEM 2022 IVA incluido: 833.391,21 €
- **Importe adjudicación anual: Importe económico anual sin IVA por el que se ha adjudicado el contrato.**

La factura se corresponderá con el importe de la mensualidad, según el precio de adjudicación, menos las sanciones que pudieran corresponder por las posibles infracciones cometidas durante el desarrollo del servicio.

Trimestralmente se adjuntará a la factura la relación nominal de los trabajadores adscritos al contrato, el recibo de liquidación de cotizaciones y justificante bancario que acredite dicho pago, ello en relación con lo establecido en la cláusula 19.3 del presente pliego.

Reconocido el valor legal de las facturas emitidas electrónicamente en el RD 1496/2003, que aprueba el Reglamento sobre las obligaciones de facturación, y en atención a lo previsto en el artículo 4 de la Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el sector público, con la periodicidad y forma establecida en la cláusula anterior, referida al régimen de pagos, la presentación de las facturas en formato electrónico será obligatoria para las Sociedades anónimas, Sociedades de responsabilidad limitada, las Uniones temporales de empresas, las Agrupaciones de interés económico (Ley 12/1991, de 29 de abril, de Agrupaciones de Interés Económico), las Agrupaciones de interés económico europeas (Reglamento (CEE) nº 2137/85 del Consejo, de 25 de julio de 1985), las Personas jurídicas y Entidades sin personalidad jurídica que carezcan de nacionalidad española y para los establecimientos permanentes y sucursales de entidades no residentes en territorio español en los términos que establece la normativa tributaria.

Las restantes personas jurídicas y las personas físicas, aunque no están obligadas, presentarán también las facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

Para el cumplimiento de la obligación de facturación electrónica contemplada en esta cláusula se informa que el Ayuntamiento de Cambre está adherido a la utilización de la plataforma FACe-Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado dependiente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (regulada en la Orden HAP/1074/2014, del 24 de junio, BOE nº 154 del 25/06/14, y en la Resolución del 25 de junio de 2014, de la Secretaría del Estado de Administraciones Públicas, BOE nº 157 del 28/06/2014). El acceso a esta Plataforma y a la información sobre la misma se realizará a través de la siguiente URL:

<https://face.gob.es/>

Los tres códigos necesarios para la facturación son los siguientes:

Oficina Contable	Órgano Gestor	Unidad Tramitadora
GE0002418 INTERVENCIÓN	LA0004868 ALCALDÍA	LA0004869 CONCEJALÍA HACIENDA

Para realizar el pago mediante transferencia, el licitador deberá presentar un modelo de certificación de cuenta bancaria. "

Terceiro: Modificar o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2021 para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao “*Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)*”, expediente núm. 2020/C004/000022, polo que se refire á cláusula 22.2.1, que queda redactada do teor literal seguinte:

“**22.2.1.** Constituyen motivos de penalidad los siguientes:

- Cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del contrato (artículo 192.1 de la LCSP)
- Incumplimiento de las condiciones especiales de ejecución del contrato (artículo 192.1 de la LCSP)
- Incumplimiento de características de la oferta vinculadas a los criterios de adjudicación (artículo 122.3 y 192.1 de la LCSP)
- Incumplimiento de la obligación de indemnización de daños y perjuicios (artículo 196 de la LCSP)
- Incumplimiento de las obligaciones en materia social o laboral respecto al personal de la entidad adjudicataria (artículo 201 de la LCSP)”

Cuarto: Publicar a rectificación no perfil do contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como poñer a disposición dos interesados na dita plataforma o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que foron rectificadas.

Quinto: As proposicións presentaranse dentro do prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de rectificación e posta a disposición do prego de prescricións e do prego de cláusulas administrativas particulares na Plataforma de Contratos do Sector Público.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as catorce horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia